

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 25 DE MARZO DE 2013. Nº 3/2013.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.)
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

| | |
|--|---------|
| 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior..... | páx. 3 |
| 2. Resolucóns da Alcaldía: dación de conta..... | páx. 3 |
| 3. Expediente de Crédito Extraordinario nº 1-P/2013 | páx. 5 |
| 4. Proposta relativa á resolución do contrato de concesión de obra pública da construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luis González Taboada” | páx. 7 |
| 5.- Mocións do PSdeG-PSOE: | |
| 5.1 Moción relativa á depuración de responsabilidades en relación ao Parking Europa..... | páx. 21 |
| 5.2. Moción relativa ao arranxo das deficiencias aparecidas no edificio multiusos Lalín Arena e as posibles sancións económicas á empresa concesionaria..... | páx. 21 |
| 6. Mocións do BNG: | |
| 6.1. Moción a prol da cultura galega..... | páx. 23 |
| 6.2. Moción relativa á derogación da lei de taxas xudiciais..... | páx. 24 |
| 6.3. Moción relativa á retirada do anteproxecto de lei de reforma local do goberno do PP no Estado..... | páx. 25 |
| 7. Rogos e Preguntas..... | páx. 27 |

=====

Sendo as dez horas do día 25 de marzo de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asisten D. José Domínguez Caballero (P.P.), D. Francisco Pérez Donsión (PsdeG-PSOE) e D^a. Beatriz García Iglesias (PSdeG-PSOE).

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*; e a Interventora Xeral D^a. Marta Oviedo Creo.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1-P/2013.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 21 de marzo de 2013.

Polo grupo de goberno *D. Manuel Gómez Estévez*, edil delegado de Facenda, explicou o contido do expediente, remitíndose á sesión da comisión informativa na que se pormenorizou as obras, tanto de acondicionamento da Praza de Galicia como a dotación de subministro eléctrico ao Pazo de Liñares.

Polo PSdeG-PSOE, *D. Manuel M^a González Aller* dixo que vía ben que parte deste expediente se adicase ao Pazo de Liñares; en cambio non vía correcto que o goberno municipal aproveitase a ocasión para acondicionar e meter gastos na Praza de Galicia. Estaban de acordo co primeiro e en desacordo co segundo. Por elo, absteríanse.

Polo BNG *D. Xesús Cordeiro Budiño* tamén vía unha actuación de camuflaxe dunha obra con outra. Estaban de acordo coa obra do Pazo de Liñares, pero non entendía o tema das beirarrúas da Praza de Galicia. Isto contraviña o feito de que a obra do Pazo de Liñares fose por consenso de todos os grupos, como sempre se dixo. Por elo absteríanse.

Polo PGD *D. Camilo Conde López* non vía xustifico acometer agora a obra da Praza de Galicia. Non vía claridade nesta parte da proposta, e por elo absteríase.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que no caso da obra do Pazo de Liñares, tratábase de levar a luz para poñer en marcha a maquinaria. Estes oitenta mil euros ían para elo. Ao mellor non se gastaba todo e saía por menos cartos a obra, tendo en conta que se trataba de máquinas e luces *led* de baixo consumo.

Desde o goberno municipal tentaríase a cofinanciación da obra no marco do proxecto Depodeza, para poñer menos cartos. A obra iría desde os accesos á N-525, coa canalización da liña de media tensión, ata o edificio, para poder por en marcha a maquinaria.

En canto á obra da Praza de Galicia, indicou que agora era un barrizal, unha leira para cultivar patacas. Coa mesma trataríase de instalar unhas beirarrúas perimetrais peonís de acceso aos edificios, algo que era obrigatorio, para contar así con cinco metros de ancho e facilitar o paso de ambulancias e dos coches de bombeiros, en casos de emerxencia. Máis adiante farase o proxecto de obra da Praza.

De novo **D. Manuel M^a González Aller** ratificouse no xa dito. A obra da Praza de Galicia non era prioritaria e non procedía nestes momentos acometela.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, insistiu en que a obra era obrigatoria, e os edificios debían xa ter eses accesos, por razóns de seguridade, non de política de goberno.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14), sendo trece (13) do PP e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE e dous (2) do BNG.

Xa que logo, **aprobose** a proposta do Sr. Concelleiro delegado de Facenda, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 1-P/2013 a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a instalación dun Centro de transformación (CT) para a dotación de enerxía eléctrica ao Pazo de Liñares, así como para acometer obras de acondicionamento da Praza de Galicia, **propoño a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE € |
|--------------------|--|---------------------|
| 151.609.16 | Urbanismo. Acondicionamento da Praza de Galicia | 170.000,00 |
| 151.623.26 | Urbanismo. Dotación subministro eléctrico Pazo de Liñares | 80.000,00 |
| TOTAL ALTAS | | 250.000,00 € |

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE € |
|---------------------|--|---------------------|
| 134.623.00 | Protección Civil. Maquinaria, instalacións técnicas, | 5.249,56 |
| 134.624.00 | Protección Civil. Material de transporte | 1.100,00 |
| 151.600.03 | Urbanismo. Expropiación terreos actuacións urbanístic. | 60.658,10 |
| 151.609.13 | Urbanismo. Urbanización Regueiriño | 931,22 |
| 151.625.04 | Urbanismo. Mobiliario parques públicos | 1.930,46 |
| 151.640.00 | Urbanismo. Honorarios redacción de proxectos | 13.146,66 |
| 151.640.04 | Urbanismo. Estudio PXOM | 6.300,00 |
| 155.609.12 | Vías públicas. Pavimentación vías públicas en Vilamaior Fontecabalos e Galegos, PPC/2011 | 39,19 |
| 164.622.00 | Cemiterios. Edificios e outras construcións | 12.000,00 |
| 165.623.22 | Iluminación pública. Alumeadado público Xaxán, Moneixas, Veiga e Ramil, PPC/2011 | 31,50 |
| 241.1.622.10 | Obradoiro de Emprego. Albergue Mouriscade | 396,09 |
| 321.622.33 | Educación preescolar e primaria. Construción gardería Polígono Lalín 2000 | 773,45 |
| 321.625.05 | Educación preescolar e primaria. Mobiliario gardería Polígono Lalín 2000 | 6.288,46 |
| 324.625.06 | Servizos complementarios de educación. Mobiliario Aula de Ensino Superior a Distancia (UNED) | 4.405,57 |
| 324.626.01 | Servizos complementarios de educación. Equipamento Aula de Ensino Superior a Distancia (UNED) | 5.204,43 |
| 333.625.00 | Museos. Mobiliario | 484,92 |
| 333.626.02 | Museos. Equipamento Museo da Paisaxe | 11.032,49 |
| 334.622.41 | Promoción cultural. Remate conservatorio de música de Lalín | 1.704,48 |
| 334.625.07 | Promoción cultural. Mobiliario auditorios municipais | 7.128,81 |
| 340.622.27 | Admón Deportes. Obras campo de fútbol, subv. F.G.F. | 40.618,41 |
| 342.623.04 | Instalacións deportivas. Dotación subministro eléctrico nova piscina municipal. | 1.397,03 |
| 452.627.18 | Recursos hidráulicos. Programa Operativo Rexional | 1.806,29 |
| 453.609.01 | Estradas. Construción ponte Río Pontiñas na Avda. Xosé Cuíña | 11.342,24 |
| 912.624.00 | Órganos de Goberno. Material de Transporte | 236,00 |
| 920.622.28 | Administración Xeral. Edificio multiusos | 12.000,00 |
| 920.641.00 | Administración Xeral. Aplicacións informáticas. | 582,00 |
| 211.160.00 | Pensións. Seguridade Social | 43.212,64 |
| TOTAL BAIXAS | | 250.000,00 € |

Son coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da

Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NO SUBSOLO DO ESPACIO LIBRE ENTRE AS RÚAS “CALZADA”, “B”, “PINTOR LAXEIRO”, “Z” E “AVDA. LUIS GONZÁLEZ TABOADA”.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* leo o ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 21 de marzo de 2013.

A proposta do Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** e por unanimidade dos asistentes acordouse celebrar o debate conxunto deste punto e do punto 5.1. Moción do PSdeG-PSOE sobre o parking da Praza Europa.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** explicou que este era un tema coñecido de sobra por todos. Como sabíamos houbo unha concesión administrativa de construción e explotación dun parking; logo houbo un recurso contencioso-administrativo, e logo sentencias que obrigaron á demolición parcial do mesmo. Houbo uns terreos licitamente obtidos e unha obra que non se executa axustada ao proxecto. Por enriba da rasante en sesenta centímetros, elo ocasionou un exceso de edificabilidade e de ocupación que había que corrixir.

Con esta solución e preito non gañou ningún, nin a familia recorrente, nin o Concello e tampouco os veciños. O segundo paso é que a empresa concesionaria pide agora resolver o contrato, argumentando a redución de prazas de garaxe.

Para resolver esta petición hai un informe de Secretaría no que se conclúe que procede desestimar a petición, en segundo lugar abrir un expediente de esclarecemento e depuración de feitos para ver se hai que abonarlle danos e prexuízos, e ordenarlle a apertura do parking á empresa concesionaria.

Considera o informe que a supresión de prazas non é suficiente para resolver a concesión.

Sobre a moción dixo que obedecía á mala execución do proxecto pola empresa construtora *San José*. Elo xeraba unha responsabilidade e a oposición dende hai tempo pide a súa dimisión. Entendía isto; se el fose oposición tamén a pediría. O centro do problema foi a execución das obras do proxecto por enriba da rasante. Houbo tres informes: o dos técnicos municipais que daba unha rasante; o informe da familia que sostíña que estaba todo mal e o do perito xudicial. A responsabilidade era técnica en todo caso. Na fixación da rasante non se lle dixo á construtora *San José* que tomara esta ou aquela; pero a verdade foi que se construíu unha que estaba por enriba sesenta centímetros sobre a que procedía.

Agora había que ver se a empresa aceptaba ou recorría, abrirá ou non a instalación. Era lícito efectuar a reclamación, e o Concello defenderá o interese xeral. A estas alturas todo o mundo coñecía todo o que pasou. E por este tema pasaron xa tres procesos electorais.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** falou en primeiro lugar sobre a moción do PSOE. Despois de tantos anos o voceiro dixo unha cousa nova, que a culpable era a empresa. Era novo, antes non se dixo.

Houbo un pequeno debate co anterior voceiro, no sentido de que este afirmaba que era a empresa encargada da execución.

Seguiu a falar o voceiro socialista destacando que antes de que houbera sentenza xudicial e os informes aos que aludiu o voceiro popular, eles como grupo preguntaron e pediron documentación porque xa había dúbidas sobre a estrutura e a altura do aparcamento; mesmo existe un informe técnico que sinala deficiencias no edificio que ao cabo de tres meses se corruxaron, algo increíble. Déuselle licenza de apertura e non se atendeu nada. Díxose polo goberno municipal que estaba todo ben e que cumpría as normas.

Neste tema fallou a negociación política coa oposición desde o inicio e tamén coa familia Carral por parte do grupo de goberno. Todo empezou cun capricho de construír unha concha acústica, alta, cunha potencia elevada. A familia Carral inicialmente só pedía iso, que se eliminase esta instalación. Non se lles fixo caso, por prepotencia do grupo de goberno, e seguiu adiante coa obra e co proceso xudicial; agora tiñamos todo isto enriba da mesa. Había que destacar tamén o custo en cartos públicos de todo o proceso, os gastos se verán ao final, pero o demandante polo menos conseguiu que a concha acústica desaparecera.

No ano 2003 o seu grupo presentou unhas preguntas ao Pleno e o grupo de goberno contestou que a obra estaba legal, a resposta foi esa. Logo no ano 2005 seguiron co tema, a pesar de que o parking non era unha obra subterránea.

A negociación neste tema foi nula sempre. A política do goberno era de prepotencia para impoñer á xente o seu modo de actuar. A familia actuou de boa fé sempre. Cedeu os terreos comprometidos. A proba disto foi que logo a sentenza dixo que eles cederon os terreos e non podían dar marcha atrás. Pero tamén pasou que o Sr. Alcalde de Dozón conseguiu na mesma zona moitos máis cartos ca eles pola cesión de terreos ao Concello.

Agora pedían que neste tema, que todo o mundo vai pagar cos seus impostos, haxa responsabilidades políticas e técnicas. Se os técnicos cambiaron informes, que se vexa por que o fixeron. Pero a principal responsabilidade era do responsable do urbanismo municipal, porque actuou sen negociación coa familia, nin coa oposición, e non fixo caso a ninguén.

Resolución.-

En canto á resolución había que destacar que a empresa se fixo cargo da concesión, que estaba funcionando, cumprindo o contrato. E despois de tres anos, tivo que parar e pechar o negocio. Agora había unha redución de prazas e de noventa e seis pasábase a sesenta e unha. Se se contaban as 96 había máis dun vinte por cento menos.

O Secretario fala dunha redución de sesenta e unha prazas eliminadas; polos retranqueos dun muro tamén houbo que reducir dezanove; agora son máis trinta e cinco. A Secretaría di que é un 13,5% de prazas suprimidas. O número é excesivo e pode ser que isto faga que desapareza o parking.

Hoxe o parking non é tan necesario coma antes. Aínda así queremos que se abra ao público, pero non pola brava. Hai varios anos que non se negocia coa empresa e sempre reclamaron que se falase coa mesma. Desde o goberno municipal daban largas dicindo que primeiro había que resolver o tema xudicial. Logo de tres anos empezaron as negociacións. Parece que o goberno municipal quere abrir o aparcamento á brava.

Neste tema a responsabilidade era do grupo de goberno para coa oposición, cos veciños e coa familia; e agora tamén coa empresa.

Pediu negociar o tema coa concesionaria e reiterou o xa dito na moción: a dimisión do responsable de urbanismo municipal. Absteranse na proposta do equipo de goberno.

Polo grupo nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que votarían favorablemente a moción. Entendía que o informe de Secretaría era correcto, aínda que con certa tendencia a abrir o parking, algo que debía producirse por negociación e non por imposición ou á brava.

Lembrou que no ano 2003 uns veciños, a familia **Carral**, presentaron un recurso contra a obra do parking. Puxo en tela de xuízo que a obra se estaba a construír sen atenderen ao proxecto. Agora mesmo non podemos dicir que foi todo cousa dos informes técnicos municipais que corroboraran que a obra estaba axustada ao proxecto, porque a construción saíu adiante, e esta obra do parking axudou ao grupo de goberno a gañar unhas eleccións.

O Alcalde-Presidente, o **Sr. Crespo Iglesias** matizou que o que dixo o voceiro foi que pasaron varios procesos electorais con este contencioso en curso.

Seguiu a falar o voceiro nacionalista afirmando que contra esta obra houbo un auténtico clamor popular. O grupo de goberno, e o concelleiro delegado puido cambiar estes acontecementos, e evitar esta obra incorrecta e non agora ter que saír coa cara destemplada.

¿Agora que procede? Procedía negociar coa empresa concesionaria. Había en todo caso unha responsabilidade política xa pedida polo seu grupo municipal hai tempo, e aí estaban as actas plenarias para corroboralo, tanto do Sr. *Román Rodríguez González* como do Sr. Alcalde.

Houbo un mal cálculo polo grupo de goberno neste asunto, todo elo baixo unha actuación destacable de prepotencia. O Alcalde naquelas datas apabullaba a calquera. O caso foi que se deixou continuar a obra. Non se reclamaron prazas de garaxe, senón que se suprimiron outras. Houbo abuso desde o poder e reclamacións da familia afectada no ano 2003, a *familia Carral*, que protestou desde o inicio desta obra. O único que lle importaba daquela ao goberno municipal era abrir parking, outras cousas menos.

Sobre a moción dixo estar a favor de esixir responsabilidades políticas ao goberno municipal, sobre todo pola prepotencia con que actuou daquela neste asunto. Indicou que se el fose concelleiro de urbanismo naquelas datas, e tivese denuncias ou reclamacións dos veciños, pararía a obra inmediatamente, examinaría as mesmas e despois se decidiría o que procedese. Pero non houbo nada disto, e todo puido terse evitado se o grupo de goberno actuase naquelas datas con outro talante e non coa prepotencia que lles caracterizaba.

Tamén desde o PGD **D. Camilo Conde López** coidaba que había cartos públicos polo medio e que en última instancia isto terían que pagalo os veciños. Por elo nesta medida tiña que haberen responsabilidades políticas. Non estaba claro o tema pero si que había que levar a cabo unha negociación coherente, unha aproximación amistosa coa empresa concesionaria, na toma de decisión, razoablemente amistosa, para que a vía xudicial se converta nun camiño residual. Entende que debe rematar de xeito amistoso e con negociación.

Sobre a moción, dixo que si que había responsabilidade e estaba de acordo coa mesma.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** matizou que el non dixo que Portas e Acuña executara a obra dun xeito incorrecto, algo que estaba claro, porque foi a *construtora San José*, cun proxecto aprobado por enriba da rasante que corresponde. A empresa e o técnicos interpretaron esa rasante. *“Nin o Concello nin Portas interpretaron esa rasante. Houbo un erro na execución, sobre eses sesenta centímetros sobre o terreo que o perito xudicial interpretou dese xeito”*, afirmou.

A familia Carral recorreu esta obra do parking, algo lexítimo, porque entendía que foi prexudicial para os seus intereses. El nunca dixo nin acusou á dita familia de nada. Houbo un convenio de mutuo acordo coa mesma no que se cederon uns terreos na zona; sen embargo neste tema do aparcamento, tanto eles como a familia Carral non foron capaces de alcanzar acordos.

“Vostedes intentan botarnos a nós a culpa, e non sairá ben esa estratexia”, afirmou.

A recepción das obras foi aprobada no Pleno deste Concello xa coa redución das prazas cuestionadas, e viña coa firma e o acordo das partes afectadas.

Agora se vai negociar, porque antes non se podía, xa que estabamos nun proceso xudicial. En segundo lugar, procede a apertura do parking e tamén investigar os feitos para abonar os danos e prexuízos, se procederan.

Nas hemerotecas estaban os escritos da empresa concesionaria. O Concello non quere abrir o parking pola brava. Por isto seguían abertos a falar, e non farían nada pola brava.

“Nós imos falar coa concesionaria”, afirmou.

Agradeceu ao BNG que admitise o informe do Sr. Secretario. O problema foron eses sesenta centímetros por enriba que obrigaron a efectuar unha demolición parcial, porque os técnicos da familia querían demoler todo o parking.

Este tema está latente aínda na opinión pública.

A empresa concesionaria ten que abrir o parking o día 25 de abril de 2013, e se non o fai, xa se verá o que procede. *“Nós, imos a estudar as dúas posibilidades”, afirmou.*

Non había ningún interese xeral, nin el en particular en meterse con ninguén. Pero todo foi por ese erro dos técnicos na rasante.

O Sr. Manuel María González Aller falou de novo. Houbo un erro, un fallo da empresa *San José*. Diante disto, preguntouse: *¿que pintaba o técnico municipal en todo este expediente da obra?*

Era todo bastante evidente, había unha responsabilidade municipal, e o edil delegado de urbanismo tiña que dimitir.

Lembrou que no expediente consta un informe técnico que enumeraba todos os defectos e fallos da obra do parking antes de dar a licenza de apertura. Logo en tres meses resolveuse todo e corrixíuse.

Lembrou que o que constaba no expediente era o contrato entre a empresa e o Concello con 472 prazas. Non houbo outros documentos. Logo recepcionouse a obra con 15 prazas menos, e agora suprimense 61 prazas máis.

O informe do Secretario non dá importancia a este feito, pero se centra no interese público que prima nesta obra e servizo.

Debeu haber negociación coa empresa, cousa que non houbo. Lembrou que cando eles a pediron se dixo que non había presa e que había que esperar á resolución dos procesos xudiciais abertos. E agora atopámonos nesta situación. Hai que empezar de novo nun novo proceso que acabará probablemente nos tribunais.

Desde o BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterou o xa dito. O grupo de goberno sabía desde o ano 2003, e o concelleiro de urbanismo singularmente, que a obra do aparcamento estaba mal construída. Se el fose edil delegado, e diante das denuncias e queixas dos veciños, afirmou: *“Eu paro a obra inmediatamente, falo cos técnicos municipais e miro se está ben ou non a obra; logo se toman as decisións correspondentes”*. Non se fixo e polo tanto hai responsabilidade municipal, e non se pode escudar ninguén nos informes técnicos.

Agora no informe de *Secretaría* prima o interese público. Lembrou que hai obras que se hai que demolelas poden levar á bancarrota do Concello: *“É de xustiza chegar a estudar e defender os intereses municipais. É correcto o informe de Secretaría, aínda que só responde ás cuestións do concesionario e non entra noutros temas que son do propio expediente. Agora quérese validar todo, a pesar das presas que houbo daquela en rematar a obra e abríla ao público. Pediu a dimisión dos responsables políticos.*

Desde o PGD **D. Camilo Conde López** dixo que por coherencia defendía os intereses públicos, pero tamén había que tentar chegar a un acordo e negociar coa empresa concesionaria. Debía haber unhas conversas coa empresa e negociar, cun acordo, e non impoñer nada.

O Sr. Alcalde-Presidente **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que este non era un tema do Pleno, e podía levarse á Xunta de Goberno, non obstante diante da posición do Sr. Secretario viña a Pleno.

O Sr. Secretario interveu. Dicindo o que dicía o artigo 47.2.j) da lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, e que se entendía que a resolución era do mesmo Pleno e co quórum da maioría absoluta, porque afectaba á esencia. Non obstante isto non o dicía a lei literalmente, e de aí as interpretacións.

Seguiu a falar o Sr. Alcalde-Presidente. **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que o tema de fondo estaba en que se dubidaba da rendibilidade do parking. Desde o inicio a concesión podía non ser rendible, e aí estaba o orixe do problema. Se a empresa concesionaria gañase cartos, o parking estaría aberto.

“O Concello, seguiu a falar, defendía neste tema os intereses xerais, que pasaban por abrir o parking canto antes”.

Á vista do informe de Secretaría non sabía como vai a acabar este tema. Se a empresa abre o parking, negociaremos; se non o abre, podería ir á vía xudicial.

Dixo tamén que este tema estaba “enmeigado” desde o seu inicio, e a oposición aproveitaba esta baza política para desgastar ao goberno municipal.

O tema das demolicións estaba aí, en moitas cidades galegas. Por exemplo en Vigo, ou no edificio de Unión Fenosa en A Coruña. Neste caso coma en Lalín, os técnicos informaron favorablemente e déuselle licenza contando con que era legal e axustada á dereito. Despois veu a sentenza e non foi así, procedía a demolición.

Sometida a votación a emenda de adición á proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Urbanismo ao Pleno da Corporación en relación co expediente de resolución do aparcamento subterráneo, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG, e un (1) do PGD.

En consecuencia, **aprobose** a emenda de adición á proposta presentada polo Sr. Concelleiro de Urbanismo do seguinte tenor:

Adicionar á proposta enriba reseñada o seguinte punto:

Terceiro.- Instar a Portas y Acuña Inmobiliaria, S.L. para que proceda á apertura do Aparcamento, o día 25 de abril de 2013 ás 10:00 horas; todo elo co fin de preservar o interese público e atender as necesidades dos usuarios.

Sometida a votación a proposta, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG, e un (1) do PGD.

En consecuencia, **aprobose** a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo coa emenda de adición, do seguinte tenor:

Con data de 2 de febreiro de 2013 (RXE 781) a empresa Portas y Acuña Inmobiliaria, S.L., presentou no Rexistro Xeral do Concello de Lalín un escrito no que solicita: *“que se tenga por presentado este escrito y en su virtud se acuerde la resolución del contrato de concesión de obra pública consistente en la construcción de un aparcamiento subterráneo en el subsuelo del espacio libre existente entre las calles “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” y “Avda. Luís González Taboada” sin perjuicio de la tramitación del oportuna expediente para la determinación e indemnización de los daños y perjuicios irrogados a mi representada”*.

Posteriormente, o día 15 de febreiro de 2013 (RXE núm. 1059) a citada empresa presentou un novo escrito no que instan de novo *“a resolución do contrato de concesión de obra*

pública polas razóns no seu día expostas”.

Á vista destes dous escritos, o día 28 de febreiro de 2013, o Secretario Xeral emitiu un informe acerca da resolución contractual instada por Portas y Acuña Inmobiliaria, S.L. Con base en todo o anteriormente exposto o Pleno **ACORDOU:**

Primeiro.- Asumir as consideracións e razoamentos expostos no informe elaborado pola Secretaría Xeral con data de 28 de febreiro de 2013 a tódolos efectos vencellados á tramitación do expediente que son os seguintes:

EXPEDIENTE: “CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA DA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NO SUBSOLO DO ESPACIO LIBRE ENTRE AS RÚAS “CALZADA”, “B”, “ PINTOR LAXEIRO”, “Z” E “AVDA. LUÍS GONZÁLEZ TABOADA”.

1.- OBXECTO DO INFORME: este informe ten por obxecto resolver a procedencia ou non da resolución da concesión enriba referenciada, consonte coa solicitude presentada pola empresa concesionaria o día 2 de febreiro de 2013 (RXE núm. 781).

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

1. Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas (TRLCAP)
2. Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas. (RXLCAP)
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. (LBRL)
4. RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local.
5. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais. (ROF)
6. Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
7. Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación e, no seu defecto, polas normas de Dereito Privado (LOE).
8. Lei 40/2002, de 14 de novembro, Reguladora do contrato de aparcamento de vehículos.
9. Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).

3.- ANTECEDENTES DE FEITO:

O Concello Pleno, na sesión celebrada o día 25/03/2003 acordou adxudicarlle o contrato administrativo da “*Concesión da obra pública consistente na construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luís González Taboada” e subseguinte explotación*” á empresa **PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L..**

Posteriormente, o día 7 de maio de 2003 asinouse o correspondente contrato administrativo. A cláusula segunda do documento administrativo establece:

“O Concello, mediante acordo plenario acadado en sesión do 25/03/2003 (anexo II), acordou adxudicarlle o contrato á empresa “PORTAS E ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. coas seguintes condicións:

*Presuposto de contrata: 3.346.472 €. Prazo de execución: 6 meses
472 prazas de garaxe, 15 para persoas con mobilidade reducida.
Canon ofertado: 6 €/ano.*

As obras serán executadas pola empresa “Constructora San José, S.A.”, de conformidade co proxecto presentado se ben deberán adaptarse estritamente ao establecido no PXOM de Lalín en vigor, recuando toda instalación ou edificación a un mínimo de 5 metros desde a liña de fachadas da AR-25 e das edificación existentes e alcanzando a concha acústica a altura máxima permitida.

Son tamén condicións do contrato as establecidas na proposta económica presentada polo licitador, e en especial as que se refiren aos prezos a satisfacer polos usuarios xunto coa xustificación das tarifas ofertadas mediante os estudos de solvencia económica e técnica, o programa e calendario para a execución das obras e o plano de coordinación das obras, todo iso segundo se indica na copia de dita proposta que, asinada polas partes, se achega como anexo II e que consta de 16 folios”.

Na cláusula cuarta do citado contrato establécese que “o prazo de duración da presente concesión será de cincuenta anos”.

O Pleno da corporación, na sesión celebrada o día 26 de abril de 2005 aprobou o Proxecto Modificado do expediente enriba referenciado. Con carácter previo á aprobación do proxecto modificado emitiuse un informe polo arquitecto técnico municipal D. Hervé Fernández Estévez no cal se fai constar expresamente que se produciu unha: “*variación do número de prazas , por dúas razóns, a primeira foi pola modificación introducida na adxudicación, co desprazamento do parking (...). A segunda débese a que se creou un local independente do aparcamento na planta alta do leste, destinándose a usos non lucrativos (...). A perda é de 33 prazas, cumpríndose igualmente de forma sobrada o estándar de dimensións mínimas fixadas polo prego. A capacidade total é de **439 prazas, con 13 para minusválidos**, cunhas dimensións entre 2,35 e 2,45 x 5,00 e unhas 30 de entre 2,25 e 2,35 x 5,00 m”.*

Pola súa parte, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16 de agosto de 2005 aprobou a acta de recepción das obras. A acta foi asinada por D^a. María José Portas Acuña en representación de PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L o día 10 de xuño de 2005. Posteriormente, con data de 15 de xuño de 2005, D. José Fco. Portas Arosa e Dona María Teresa Acuña Rivadulla, administradores solidarios de Portas Acuña S.L., ratificaron e aceptaron en dilixencia de comparecencia ante funcionario a acta de recepción e documentación que na mesma se indica na súa integridade.

A acta de recepción das obras asinouse.

No ano 2003 a familia Carral interpuxo dous recursos contencioso-administrativos:

- *Recurso contencioso-administrativo núm. 5420/2003: contra o acordo de 13/05/2003 polo que se aprobou o proxecto técnico básico e de execución da obra de construción dun aparcamento subterráneo no espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “A” e “Avda. Luís González Taboada” e os planos anexos ao mesmo.*
- *Recurso contencioso administrativo núm. 77/04: contra a resolución do Pleno do Concello de Lalín de 25/03/2003 pola que se resolveu o concurso para a construción dun aparcamento subterráneo no espazo libre existente entre as rúas Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “A” e “Avda. Luís González Taboada”, coa concesión temporal da súa explotación, adxudicándollo a PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. e contra a concesión de licenza de actividade para o servizo público de parking, concedido á adxudicataria da obra por Acordo da Xunta de Goberno de 10 de febreiro de 2004.*

Co obxecto de darlle cumprimento ao auto de 30 de setembro de 2009 ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Pontevedra na Peza de Execución 3/09 CC dimanante do Procedemento Ordinario 77/2004, con data de 9 de outubro de 2009 (RXE núm. 4111) requiriuse á concesionaria PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. para que procedese de inmediato ao cese da actividade que viña desenvolvendo no aparcamento. Este escrito foi recibido pola adxudicataria o mesmo día.

Posteriormente, o día 4 de xuño de 2010, o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Pontevedra ditou auto en relación co procedemento ordinario 77/2004 (relativo ao aparcamento subterráneo construído no espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro” “A” e “Avda. Luís González Taboada”) cuxa parte dispositiva é do seguinte tenor: *declarando que el Proyecto presentado por el Concello por acuerdo nº 7 adoptado por la Junta de Gobierno Local del Concello, en sesión de 21 de diciembre de 2009, cumple contra las resoluciones judiciales dictadas en el procedimiento ordinario 77/2004, procediendo a ejecutar las obras de demolición proyectadas en el mismo, en el plazo de tres meses desde la fecha de notificación de la presente resolución, por estimarlas ajustadas a derecho* (...)

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2009 aprobou o “Proxecto de demolición parcial, básico e de execución de obras complementarias; e expediente de legalización dun aparcamento subterráneo existente”. O proxecto finalmente aprobado e executado ten unha superficie construída total de 10.641,54 m² e un número total de **378 prazas de aparcamento**.

Posteriormente, tramitouse o expediente de contratación denominado “Obras de demolición parcial necesarias para a legalización do aparcamento subterráneo construído no espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luís González Taboada”. Este expediente foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 14/01/2010 e adxudicado na sesión de 04/03/2010 á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS ,S.L. Posteriormente, o Concello de Lalín executou, servíndose de medios propios, as obras de reconstrución da instalación.

Con data de 2 de febreiro de 2011 (RXE núm. 686) a empresa concesionaria presentou un escrito no que indicaba que as obras de adaptación á legalidade do aparcamento tiñan causado danos no mesmo.

Posteriormente, o día 8 de marzo de 2011 (RXE núm. 1105) foille remitido oficio á empresa concesionaria no que se lle comunicaba que: *“estando a piques de rematar as obras de legalización do aparcamento, prégolle adopte cantas medidas sexan precisas pola súa parte co obxecto de que se poida prestar o servizo do que é concesionaria a empresa á que Vde, representa, no intre no que polo Concello se lle conceda a correspondente licenza de actividade. E todo iso sen prexuízo da posterior resolución de cantas diverxencias se poidan suscitar respecto das consecuencias dos procedementos xudiciais en curso, que serán resoltas unha vez finalicen os mesmos de xeito definitivo”*.

Como resposta ao escrito enriba referenciado, a Concesionaria presentou unha solicitude (RXE núm. 1562 de 11 de marzo de 2011) na que pedía que: *“se realicen todas aquelas accións tendentes á reparación do inmovible á maior brevidade posible, a fin de que o aparcamento volva ao seu estado anterior, imprescindible para o funcionamento do mesmo e restablecemento do servizo público”*.

Co fin de avaliar os danos presuntamente provocados no aparcamento e coa intención de restablecer o servizo á maior brevidade posible, o Concello de Lalín encargou un informe técnico acerca do estado das instalacións. Este informe, presentado no Rexistro xeral do Concello de Lalín o día 7 de xuño de 2012 (RXE núm.: 3714) foi elaborado polo enxeñeiro de Telecomunicacións D. Javier Cid Romero (colexiado núm. 13.220).

Á vista do citado informe o Concello levou a cabo diversas obras de reparación e contratou subministracións, co fin de acadar a posta en marcha do aparcamento.

Con data de 2 de febreiro de 2013 (RXE núm. 781) a empresa PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. Presentou no Rexistro Xeral do Concello de Lalín un escrito no que solicita:

(...)

“...que se acorde a resolución do contrato de concesión de obra pública consistente na construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre existente entre entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avenida Luís González Taboada”, sen prexuízo da tramitación do oportuno expediente para a determinación e indemnización dos danos e prexuízos causados”

(...)

Con data de 15 de febreiro de 2013 (RXE núm. 1059) PORTAS Y ACUÑA, S.L presentou un escrito no que solicita de novo:

(...)

“A resolución contractual do contrato de concesión de obra pública polas razóns no seu día expostas, coa indemnización dos danos e prexuízos ocasionados á miña representada como consecuencia da concesión dun contrato de obra cuxo proxecto, á postre e así declarado por resolución xudicial, resultou non ser axustado ao planeamento municipal. Circunstancia esta da que solo cabe deducir a responsabilidade do propio Concello e dos seus servizos técnicos”.

(...)

4.- FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Normativa contractual aplicable.

Desde un punto de vista formal, antes de entrar na análise do obxecto do informe, resulta primordial facer referencia á normativa aplicable.

Compre destacar que a disposición transitoria primeira do TRLCSP (normativa vixente na actualidade) que sinala que os expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa vixente nese intre.

Tendo en conta que a publicación da convocatoria tivo lugar o día 09/09/2002, no BOP e 20/09/2002 no DOG), dedúcese claramente que resulta de aplicación a lexislación anterior á entrada en vigor do TRLCSP e, xa que logo, o Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas (TRLCAP).

Segundo.- Órgano competente.

Con respecto ao **órgano competente**, para acordar a resolución, o artigo 112.1 do TRLCAP establece que:

“....a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, mediante procedemento na forma que regulamentariamente se determine”.

Pola súa parte o artigo 114 do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local dispón que:

“1. O órgano da Entidade local competente para contratar segundo a Lei ostenta tamén a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razón de interese público, os contratos

celebrados e **acordar a súa resolución** dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente”.

Nos mesmos términos se manifesta o artigo 109 do RXLCAP.

Xa que logo, e tendo en conta que o órgano que adxudicou o contrato foi o pleno, o órgano competente para a resolución do contrato é o Concello Pleno.

Con respecto ao **iter procedimental propio desta clase de expedientes**, a normativa aplicable será a recollida no TRLCAP, nos termos que se indicou no apartado primeiro deste punto do informe.

Así mesmo, hai que sinalar que a falta de concretas previsións relativas ao procedemento nas disposicións de dereito transitorio do TRLCSP, no seu artigo 224 dispón que “a resolución acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta lei se estableza”. Como queira que tal procedemento non foi establecido ata a data, non existen dúbidas sobre a aplicación das normas procedimentais contidas no artigo 109 do RXLCAP.

A este respecto o artigo 109 citado indica que:

1. A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, previa autorización, no caso previsto no último parágrafo do artigo 12.2 da Lei, do Consello de Ministros, e cumprimento dos requisitos seguintes:

- a) Audiencia do contratista polo prazo de dez días naturais, no caso de proposta de oficio.
- b) Audiencia, no mesmo prazo anterior, do avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía.
- c) Informe do Servizo xurídico, salvo nos caso previstos nos artigos 46 e 96 da Lei.
- d) Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando se formule oposición por parte do contratista.

Todos os trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos consideraranse de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

O órgano municipal competente é o Concello Pleno. No expediente de concesión consta a maioría absoluta do quórum, como requisito, artigo. 47.2.j), por tratarse dunha concesión por máis de cinco anos, e a contía dos recursos ordinarios do orzamento excedía do vinte por cento.

A resolución afecta á esencia da concesión, e polo tanto debemos incidir en que se atopa dentro das premisas do dito quórum, e que non resulta posible a delegación de competencias noutro órgano municipal.

Á vista do establecido legalmente, cómpre sinalar que o iter procedimental seguido no vixente expediente é o correcto, pois ao ser instada a resolución por parte da concesionaria, o procedemento esixe o informe de Secretaría ao respecto da solicitude e a tramitación diante do órgano correspondente.

Terceiro.- Análise da procedencia ou non da resolución do contrato.

Segundo o establecido na cláusula trixésimo sexta, parágrafo segundo do *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán na adxudicación por concurso, da Concesión da Obra Públicas dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre existente entre as rúas “Calzada” “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luís González Taboada” e subseguinte explotación previa execución, **o contrato tamén poderá extinguirse por algunhas das causas previstas no artigo 167 do TRLCAP e cos efectos sinalados no seu artigo 169 en canto á concesión da explotación do aparcamento e a xestión do***

servizo.

O artigo 167 citado sinala como causas de resolución, ademais das sinaladas no artigo 111, con excepción das súas letras e) e f) a seguinte:

- a) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- b) O rescate do servizo por parte da Administración.
- c) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- d) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato.

Pola súa banda o artigo 111 TRLCAP establece como causas xerais de resolución dos contratos as seguintes:

g) O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais.

- h) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.
- i) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato articulado nesta Lei.

Segundo indica a recorrente no expoñendo segundo do escrito de solicitude de resolución:

(...)

Tras múltiples procedementos e instancias xudiciais, o número de prazas de aparcamento previsto no contrato veuse substancialmente diminuído.

*Supón elo un incumprimento das obrigas contractuais por parte da Administración. Como o Concello coñece, o número de prazas figura no contrato, na súa cláusula segunda, como unha das condicións que han de cumprirse, e polo tanto, **esencial para ambas partes**. Polo tanto, con independencia de que a normativa vixente ao momento de contratarse non esixía a esencialidade do incumprimento, o certo é que neste caso é indubidable que a merma de máis de noventa prazas resulta un incumprimento esencial motivador da resolución contractual”.*

A empresa concesionaria alega como pretendida causa de resolución a prevista no reproducido artigo 111, apartado g) do TRLCAP, isto é: o *incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais*.

A este respecto hai que sinalar que nin o Prego de Prescricións Técnicas Particulares nin o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares indicaban o número de prazas que debía ter o aparcamento, xa que este era un dos aspectos a determinar polos licitadores na súa oferta. Non se configurou como tal elemento esencial nos devanditos pregos, senón que se deixou á discrecionalidade dos licitadores ofertar a construción e a explotación dun número determinado de prazas. A modo de mención cumpre subliñar que na devandita licitación presentouse outra oferta cun número moi inferior ao número de prazas que ofertou a empresa adxudicataria e agora contratista.

Resulta lóxico que se recollera no contrato a descrición da oferta, **en tanto resulta de obrigado cumprimento para o adxudicatario a execución das obras de conformidade cos requisitos recollidos na mesma e nos pregos, ademais** forma parte integrante do mesmo, tal e como consta no expediente, debidamente asinada por todas as partes do contrato.

Non se trata neste caso dun incumprimento das obrigas contractuais por parte do Concello, non estamos diante dunha obriga establecida expresamente como de obrigado cumprimento para o Concello o feito de manter o número de prazas de garaxe, senón que se trata dunha obriga para o contratista a de executar as obras con arranxo ao previsto na súa oferta.

Neste sentido, o contrato límitase a describir as características que ten que respectar a construción e tal e como está redactada vincula expresamente á empresa concesionaria

PORTAS Y ACUÑA, S.L., posto que o seu tenor literal é o seguinte: “O Concello, mediante acordo plenario acadado en sesión do 25/03/2003 (anexo II), acordou adxudicarlle o contrato á empresa “PORTAS E ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. coas seguintes condicións: (...) 472 prazas de garaxe, 15 para persoas con mobilidade reducida.”

Por outra parte, en canto á esencialidade da obrigaón, resulta claro que sería unha obrigaón esencial se a redución do número de prazas de aparcamento fixera inviable a concesión, cousa que non ocorre no caso que nos ocupa, posto que a redución do número de prazas alcanza a un 13,9 % do número de prazas do aparcamento, tal e como se pon de manifesto no informe emitido polo asesor urbanístico municipal con data de 19 de febreiro de 2013, que se xunta ao presente informe, que parte do número de prazas final do aparcamento incluídas no **Proxecto Modificado (439)**, aprobado polo Pleno da Corporación o día 26 de abril de 2005.

A inviabilidade da concesión non está acreditada polo solicitante, nin menos demostrada. Cumpre destacar que a resolución, como excepcionalidade, tería que vir tras demostrarse que non pode equilibrarse a concesión cos medios e axudas que a Administración municipal pode aportar, para manter a concesión, que é en definitiva a prestación dun servizo público, tal como o define o prego de cláusulas económicas e o prego de cláusulas técnicas.

Con respecto á cuantificación do número de prazas hai que destacar a interpretación conveniente aos seus intereses que efectúa a concesionaria no seu escrito de 2 de febreiro de 2015, no que afirma:

(...)

*“Por tanto, con independencia de que a norma vixente ao momento de contratarse non esixía a esencialidade do incumprimento, o certo é que neste caso é indubidable que a merma de **máis de noventa prazas** resulta un incumprimento esencial motivador da resolución contractual que a medio do presente escrito se interesa”.*

(...)

Resulta, por tanto, cando menos, incorrecta que a concesionaria alegue a merma de máis de noventa prazas, cando é coñecedora do número de prazas construídas e contratadas do aparcamento, tanto na data da súa recepción, como con posterioridade ao seu derrube, pois en todo momento se lle dou audiencia e participou activamente en todos os trámites derivados do expediente, sendo o número de prazas eliminadas de sesenta e unha (61).

Sinalemos que tal e como se puxo de manifesto nos antecedentes de feito deste informe que **o aparcamento se recepcionou cunha diminución de 33 prazas con respecto ao previsto no contrato e a concesionaria non manifestou oposición ao respecto (472 prazas previstas e 439 prazas recepcionadas)**. Desde o comezo da concesión e ata a interrupción da actividade por resolución xudicial non formulou diante do Concello ningunha manifestación relativa á repercusión da diminución do número de prazas na viabilidade económica da concesión.

Cómpre recordar que a demolición parcial foi decretada por sendas resolucións firmes dos Tribunais de Xustiza, das que a concesionaria ten cumprido coñecemento por ter sido parte nos citados procedementos.

En ningún destes trámites, o solicitante en ningún momento por escrito manifestou o seu desexo de resolver a presente concesión, nin manifestou que resultase inviable a mesma.

Xa que logo, o mantemento do número de prazas de aparcamento pode ou non pode considerarse como unha obriga esencial do contrato a satisfacer polo Concello. Para que así se considere terá que aportarse xustificación, estudo ou demostración da inviabilidade da concesión en primeiro lugar e logo acreditar a imposible aplicación do

equilibrio económico da concesión.

O interese público. *Cómpre indicar que a potestade resolutoria conferida á Administración en relación cos contratos sometidos ao Dereito Administrativo enmárcase dentro do ámbito das prerrogativas, previstas no artigo 59 do TRLCAP e concibidas pola doutrina como “facultades exorbitantes”, **cuo exercicio non se produce de maneira automática senón cando o esixa o interese público** implícito en cada relación contractual, fundándose así no servizo obxectivo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución proclama da actuación administrativa. No mesmo sentido se manifesta o artigo 114.1 do Texto Refundido das Disposicións Legais en materia local.*

O interese público rexe como principio esencial *nesta e en todas as concesións de servizo público. Xa que logo, o servizo público e con elo o mantemento do mesmo, o aparcamento de vehículos, prima sobre a resolución da concesión. De aí que se prevexan os mecanismos tendentes ao mantemento do equilibrio económico da mesma, para compensar ao concesionario.*

Sen embargo, o solicitante non alude nin tan sequera a esta opción recoñecida na lexislación vixente. No caso de non resultar viable esta posibilidade, entón sería cando debería procederse á resolución da concesión.

A especial finalidade do contrato que nos ocupa, dirixido, prima facie, á prestación dun servizo, pero destinado, en último termo a procurar a satisfacción dun concreto interese público, incide na posición de cada unha das partes e nos dereitos e obrigas que en virtude da mesma adquiren.

A defensa do interese público xustifica a especialidade que ofrece o réxime dos contratos administrativos respecto das regras xerais sobre contratación de Dereito Común. Por elo, colócase ás partes nunha situación de desigualdade, mediante o outorgamento á Administración neste caso ao Concello, dunhas potestades unilaterais de privilexio ou exorbitantes, en relación coa vida e efectos do contrato (ius interpretationis, ius variandi), estrañas á natureza bilateral da relación contractual e que se subsumen tamén no privilexio da decisión executoria.

Cabe traer a colación a Sentencia do Tribunal Supremo de 16 de outubro de 1984 na que o máximo órgano xudicial manifestou que:

“...ten de prestarse en cada caso unha exquisita atención ás circunstancias concorrentes, co fin de dilucidar se se está diante dun verdadeiro e efectivo incumprimento das obrigas contractuais, revelador dunha vontade clara de non atender, dolosa ou culposamente, os compromisos contraídos ou, polo contrario, máis ben diante dun mero atraso, desfase ou desaxuste en modo algún expresivo daquela vontade e, en definitiva, dun efectivo incumprimento da esencia da obriga”.

En sentido similar, o Consello de Estado veu afirmando que:

*“...a facultade de resolución constitúe de seu unha consecuencia tan grave que obriga a estimala aplicable tan solo aos casos máis graves de incumprimento, pois resultaría notoriamente desproporcionado e inxusto que calquera incumprimento, aínda mínimo, supuxera tal resolución, xa que esta **constitúe unha opción que a Administración ha de exercer sempre con obrigada medida**” (ditame de 1 de marzo de 1979).*

A maior abundamento, no ditame de 18 de maio de 2000, expte. 3428/1999, o nomeado Consello expresaba que:

*“...como declarou a doutrina máis autorizada, non calquera incumprimento pode provocar a resolución do contrato. A lexislación de contratos administrativos esixe que se trate de incumprimento de obrigas contractuais esenciais. **Solo cando a obriga incumprida constitúa un aspecto esencial no contexto da relación xurídica entablada entre as partes contratantes, poderá chegarse á resolución do contrato**”.*

Tal e como se indicou ao longo da presente exposición é, en definitiva, o interese público o que rexe en toda concesión e o que modula os dereitos e deberes que integran a

posición do contratista, convertendo a este nun colaborador da Administración para a consecución daquela finalidade, o que conleva unha maior carga de responsabilidade en canto ao bo fin do negocio.

Reiterando o dito anteriormente, considera o que informa que no caso que nos ocupa, a causa de resolución aducida pola empresa concesionaria non parece responder a razóns de interese público, senón máis ben ao interese particular da empresa PORTAS Y ACUÑA, S.L., de abandonar a concesión.

Na súa solicitude erra no número de prazas eliminadas, non aporta datos xa que falta un estudo económico, documentos, o calquera clase de soporte documental para demostrar a inviabilidade da concesión coa redución de sesenta e unha prazas de aparcamento, dando por feito que a supresión das devanditas prazas é causa máis que suficiente para resolver a concesión. Non demostra que a supresión desas prazas sexa esencial para a subsistencia da concesión.

Doutra banda, a pretensión da empresa esquece a utilización do mecanismo previo para manter o equilibrio económico da concesión, que debe empregarse, pero que non solicita a concesionaria.

Nestas circunstancias, non procede resolver a concesión vixente.

Finalmente cumpre rexeitar no acordo que se adopte as manifestacións que se recollen nos dous escritos de Portas Acuña S.L. que atribúen a responsabilidade da supresión das prazas de parking ao Concello de Lalín, e exclúen calquera clase de responsabilidade da empresa concesionaria, ata que por un expediente tramitado ao efecto se esclarezan os feitos e se determinen as responsabilidades que houbese.

*Asumidos os razoamentos e as consideracións, de acordo coas conclusións do informe, o **PLENO ACORDOU:***

A).- Rexeitar a resolución da concesión do parking solicitada pola empresa **PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA SL. por incumprimento das obrigas esenciais do mesmo por parte do Concello, declarando que non procede a mesma, e rexeitando as manifestacións vertidas nos dous escritos pola dita empresa.**

E ademáis:

B).- Ordenar á empresa concesionaria a apertura do parking ao público para preservar o interese público e atenderen as necesidades dos usuarios, na da que no punto terceiro se indica.

C).- Para a determinación dos danos e dos prexuízos sufridos polo concesionario, que alega a concesionaria e as posibles responsabilidades, se houbese, que incidirá na compensación ou na indemnización no seu caso, cómpre esclarecer os feitos.

Segundo.- Autorizar e facultar á Xunta de Goberno tan amplamente como corresponda co fin de levar a cabo cantos actos e acordos sexan precisos para a tramitación e a resolución do expediente, incluíndo os actos de execución subsidiaria, no seu caso.

Terceiro.- Instar a **Portas y Acuña Inmobiliaria, S.L.** a que proceda á apertura do aparcamento o día 25 de abril de 2013 ás 10:00 horas; todo elo co fin de preservar o interese público e atender as necesidades dos usuarios.

5.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.

5.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á DEPURACIÓN DE

RESPONSABILIDADES EN RELACIÓN AO PARKING EUROPA.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 18 de marzo de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 1548. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 21 de marzo de 2013.

O debate desta moción fíxose de xeito conxunto co expediente do punto 4º da presente sesión.

Na moción pedíase estudar a reclamación económica aos responsables en relación ao Parking Europa así como a dimisión do Concelleiro Delegado de Urbanismo como responsable político de todo o proceso.

Sometida a votación a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG, e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **rexeitouse** a moción.

5.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO ARRANXO DAS DEFICIENCIAS APARECIDAS NO EDIFICIO MULTIUSOS LALIN ARENA E AS POSIBLES SANCIÓN ECONÓMICAS Á EMPRESA CONCESIONARIA.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal socialista de data 18 de marzo de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 1547. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 21 de marzo de 2013.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** explicou que se trataba dun edificio novo, porque contaba só con dous ou tres anos; a pesar delo tiña nestes intres multitude de deficiencias como xa se dixo na comisión informativa correspondente. Por elo a moción quería chamar a atención do goberno municipal desta situación grave. A proba de que se conseguiu en parte, foi que ese mesmo día Gaia Lalín Arena S.L. pediu un informe externo para coñecer a situación real, ao parecer porque non se fía da empresa construtora Antalsis S.L.

Había que ver se estas deficiencias eran temas puntuais ou problemas estruturais do edificio. Había aspectos que se poderían comprobar e determinar se estaba, se estabamos diante dun traballo mal feito ou eran simples fallos. Pero todo apuntaba ao primeiro. Polo menos na pista principal había goteiras (pingueiras) o que impide o uso da mesma; tamén as había en tres ou catro gradas. Por fora tampouco estaban ben as instalacións e había que bachear.

Leu de seguido o que se pedía na moción, na súa parte dispositiva.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo estar de acordo coa moción.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López**, por coherencia, dixo que había que esixir á empresa a reparación do edificio e que estea en boas condicións.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que votarían que non á moción. O problema sería da construtora, da concesionaria ou entre eles. Antalsis S.L. dixo que o problema das pingueiras estaba na condensación. Gaia Lalín Arena pediu

explicacións. Parece que este era o problema, porque a proba foi que durante a celebración da *Gala da Gastronomía de Galicia* o venres 5 de febreiro de 2013, estaba cheo o local e non houbo pingueiras.

Lembrou que o proxecto e a dirección de obras foron a cargo dun dos arquitectos máis prestixiosos de Galicia, un home que leva máis de vinte anos elaborando proxectos de piscinas, e coidaba que con ese informe sería suficiente. De todos os xeitos, o Concello podería encargar outro informe tamén.

De novo, **D. Manuel María González Aller** dixo que era unha obriga do Concello velar polo bo estado das instalacións. Aquí había unha instalación en concesión. A empresa debe dar conta diaria ao Concello destas situacións, tendo en conta que ó Concello lle costa este ano máis de setecentos mil euros que abona. En todo caso esperaba que se solucionen estas deficiencias; se non fose así, o Concello debería descontarlle o importe das obras das subvencións que anualmente abonaba á concesionaria. Lembrou que tanto a pista principal coma as gradas contaban con pingueiras, e iso había que solucionalo.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que había que facer fronte a esta situación e non esperar. Había que actuar e non esperar ao mal tempo.

De novo o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, volveu a dicir que non había goteiras no edificio e que o problema podía ser de condensación. Había que esperar a ter ese informe e estudalo. O Concello podía encargar outro informe e mesmo intervir, no seu caso. Non tiña pois unha opinión definitiva e prefería esperar para tomar decisións ao respecto.

Na moción pedíase o arranxo inmediato de todas as deficiencias aparecidas no edificio multiusos Lalín Arena e estudar as posibles sancións económicas contra a empresa concesionaria por incumprimento das condicións do prego de concesión.

Sometida a votación a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

En consecuencia, **rexeitouse** a moción.

6- MOCIÓNS DO BNG.

6.1 MOCION DO BNG A PROL DA CULTURA GALEGA.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal nacionalista de data 14 de marzo de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 1518. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 21 de marzo de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que a moción viña a ser un toque de atención á Xunta de Galicia para que retome as actuacións e actividades a prol da cultura galega e en particular do idioma galego. O momento era importante porque agora había cartos xa que se paralizou a construción das obras da Cidade da Cultura.

Dende o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** dixo estar de acordo coa moción, agora que a Cidade da Cultura estaba paralizada, e visto o dano que esta obra

causou á cultura galega, xa que se levou moitos cartos públicos que podían ir a outros fins. Destacou que o actual goberno da Xunta de Galicia denota un escaso interese pola cultura e especialmente pola defensa do galego como forma de expresión dos cidadáns.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** adiantou a súa abstención, xa que vía que o tema era complexo.

Desde o grupo popular, a edil de cultura, **D^a. María Álvarez Paz** salientou que o Concello de Lalín destacaba pola defensa que facía da cultura galega, en toda clase de actuacións, actividades e festas culturais, tocaban o contido e a esencia da cultura galega, con exposicións. Isto mesmo sucedía nos centros educativos de Lalín. O gasto que se realizaba estaba aí, a pesar de partir dun orzamento pequeno, o gasto daba moito de si, e se traballaba ben.

A Xunta de Galicia tamén traballaba nesa liña, co obxectivo fundamental de garantir o acceso de todos os cidadáns á cultura galega e de preservar a mesma, e cada ano con novos obxectivos.

Froito destas actuacións estaba a colaboración da Xunta de Galicia con este Concello de Lalín en motos eidos, como eran na dinamización cultural, os festivais que se realizaban no ensino, as lecturas, e o orzamento do Padroado Cultural en moitos medios, coma o teatro.

Agora que se produciu a paralización da Cidade da Cultura haberá un aforro de gastos por mor desta política de austeridade, pero a moción non ía nesa liña.

Na segunda rolda **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo estar contento co traballo de **D^a. María Álvarez Paz**, pero non coa dinámica que seguía a Xunta de Galicia, porque nos seus orzamentos non amosaba ese mesmo interese de defender e promover a cultura e o idioma galego, máxime cando se sabía que agora había unha maior disposición de fondos pola paralización da Cidade da Cultura.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias**, Alcalde-Presidente, dixo que o BNG cando gobernou na Xunta de Galicia no anterior goberno bipartito non suspendeu as obras da Cidade da Cultura e ben puido facelo.

Desde o grupo socialista **D^a. Manuel María González Aller** discrepaba das verbas da edil de cultura. Consideraba que non todos os grupos culturais nin colectivos de Lalín estaban de acordo coa política cultural que realizaba o Concello e reclamaban cambios neste eido. Ratificouse no xa dito e apoiarían a moción.

Rematou o debate **D. Camilo Conde López**, do PGD que dixo que a moción tiña razón de ser, pero a complexidade e o ámbito extenso que abarcaba impedía que se definise. Absteríase.

Na moción pedíase:

1.- Instar á Xunta de Galicia a :

- Iniciar con urxencia un proceso de diálogo cos diferentes sectores e asociacións representativas da cultura galega, para consensuar medidas e actuacións en materia de política cultural.

- Proceder á convocatoria urxente das diferentes redes de programación para o primeiro semestre de 2013 e iniciar a convocatoria do segundo semestre da programación da Agadic, negociando cos concellos e entidades representativas das artes escénicas e musicais os criterios e requisitos das redes, e garantindo unha dotación que permita unha programación cultural non inferior á de convocatorias anteriores.

- Convocar no ano 2013 un programa, en colaboración cos concellos galegos, que promova a contratación de espectáculos de teatro, danza, narración oral, novo circo, maxia e concertos de música producidos na Galiza co obxectivo de promover a distribución dos produtos culturais galegos e espallar a cultura entre os cidadáns e as cidadás galegos.

- Rebaixar o orzamento adicado á Cidade da Cultura, destinando estes recursos a axudas aos diferentes sectores da cultura galega e á realización de actividades e difusión das producións culturais galegas no conxunto das aldeas, vilas e cidades galegas.

- Establecemento dun programa de bono-cultura que subvencione a adquisición de produtos culturais producidos en Galiza nos seus diferentes soportes, coa finalidade de reactivar a compra de produtos

artísticos e culturais.

2. - *Impulsar dende o Concello a presenza de propostas culturais galegas nas festas populares, vinculando a subvencións outorgadas con cargo aos orzamentos municipais á contratación de creadores, creadoras e artistas galegos.*

Sometida a moción a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: catro (4), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: unha (1) do PGD.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

6.2. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á DERROGACIÓN DA LEI DE TAXAS XUDICIAIS.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal nacionalista de data 14 de marzo de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 1520. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 21 de marzo de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que a moción veu á sesión plenaria pasada e sacouse da mesma porque se anunciaron desde o Goberno Central, modificacións á reforma aprobada.

Agora viña de novo porque seguía a ser inxusta, e podía dicirse o mesmo que antes. Non se podía admitir que a Fiscalía tivese interferencias e non fose autónoma e dependese do Goberno, ou que houbera unha xustiza para ricos e outras para pobres.

Lembrou que a práctica totalidade de colectivos sociais, dende xuíces, fiscais, avogados, persoal de administración de xustiza e ata os cidadáns en xeral estaban en contra das taxas. A pesar disto a reforma seguía aí. Coidaba que detrás desta reforma estaba todo o tema do tráfico de influencias, que perseguía que só fose a Fiscalía, que á súa vez depende do Ministro de Xustiza, quen as persiga. Por elo coidaba que a reforma era unha reforma burda e torpe.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** adiantou o seu apoio. Lembrou que xa na comisión informativa se dixo isto, aínda que eran asuntos que excedían do Concello. Lembrou que eles como oposición apoiaron varias mocións do grupo de goberno, por exemplo no caso das tarifas eléctricas ou no caso do canon dixital da SGAE no ano 2010. Agora non entendía por que o grupo de goberno ía votar en contra desta moción.

Polo PGD **D. Camilo Conde López**, manifestou que votaría afirmativamente a moción. Non podía permitirse deixar á xente indefensa contra o poder político. A posición neste tema era clara e maioritaria; había que actuar a favor da cidadanía.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** salientou que era unha moción tipo, que as posturas dos distintos grupos políticos estaban claras. Dixo que a modificación efectuada na reforma xudicial afectaba a algúns sectores e daba beneficios e exencións, actualiza a taxa. Lembrou que no ano 2011 recadáronse 165 millóns de euros, e que coa reforma da xustiza se pretendía equiparar España a outros países e recadar importes similares. As persoas sen recursos económicos xa teñen asistencia de xustiza gratuíta, en función da renda. Dixo que a postura da oposición era lóxica, pero non a compartía.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño**, e por alusións, sinalou que a reforma non a apoiaba “ni Dios”.

Na moción pedíase: 1.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a derogación da Lei 10/2012 que regula determinadas taxas no ámbito da administración de xustiza. 2.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e Ministro de Xustiza.

Sometida a moción a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

6.3. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA REFORMA LOCAL DO GOBERNO DO PP DE ESPAÑA.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal nacionalista de data 14 de marzo de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 1519. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 21 de marzo de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou o que pretendía a moción, que era ao mesmo tempo unha moción tipo. Sinalou que o anteproxecto aprobado polo Goberno Central supuña unha inxerencia clara e a todas luces inxustificada no ámbito municipal, buscando sacar competencias aos Concellos e pasalas ás deputacións, baixo o argumento de que se querían aforrar cartos e gastar menos.

O seu grupo estaba a favor de potenciar as comarcas, pero nun sentido distinto de como o entendía o PP.

Así mesmo, non comprendía o que se quería facer de trasladar competencias ás Deputacións provinciais, entidades obsoletas e innecesarias, que reflicten duplicidades na actuación local. O seu grupo era partidario de suprimilas. Todo isto e máis metíase no anteproxecto que estaba en marcha. Doutra banda tamén salientou que esta iniciativa se facía ao marxe das Comunidades Autónomas.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** dixo que estaban a favor da moción, en contra do anteproxecto aprobado e desde logo eran partidarios, desde a agrupación local socialista de Lalín, de suprimir as deputacións provinciais.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo estar a favor de cambios no eido local, pero non dos que propuña ese anteproxecto do goberno. Coidaba que había que facer cambios nos organismos provinciais e noutros eidos, pero sempre tratando de mellorar o que había. Isto non se producía coa norma que quería aprobar o goberno central.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** adiantou que o seu grupo ía rexeitar a moción. A norma que tramitaba o goberno central buscaba mellorar o que había, incidindo en que había unhas alegacións tanto da Xunta de Galicia como da FEGAMP a dito texto e a estas se remitían.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterouse no xa dito, insistindo en que desde o Estado se lexislaba contra os concellos, sen ter en conta as peculiaridades propias da

Comunidade Autónoma de Galicia, como era o feito de que Galicia contase coa metade dos núcleos de poboación do Estado e que a orografía fose diferente. Estas especificidades, de localización da poboación había que recollelas na futura norma. Non era igual un concello de Castela que un concello galego normal. A lei que se quería aprobar non tiña en conta estas determinacións.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que coincidía co anterior voceiro. El levaba máis de dez anos dicindo o mesmo, especialmente no eido do financiamento.

A norma en cuestión permitía por exemplo que un concello de máis de vinte mil habitantes contase con sete asesores, e que os de cinco mil non os tivesen e perdesen algunhas das súas competencias a favor da deputación provincial. Remitiuse ao acordo dos tres grupos que houbo na Xunta de Galicia.

Na moción pedíase:

1.- Instar ao Goberno do Estado a:

a) Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.

c) Presentar un plan de financiamento dos concellos que lles permita custear os servizos públicos locais.

d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e as competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos.

2.- Enviar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado, grupos parlamentarios no Parlamento galego e Congreso, Senado, FEGAMP e FEMP.

Sometida a moción a votación ordinaria a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (5), sendo dous (2) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

7- ROGOS E PREGUNTAS.-

Presentadas de xeito escrito e cuxo contido se transcribe a continuación:

PGD:

D. Camilo Conde López.

1.- Diante a problemática que veñen provocando os desafiuzamentos, na que cada vez se ven envoltas máis familias, e si consideramos que os bancos de Lalín non están aportando pisos ó fondo social de vivendas, ante a inevitable acumulación de casos posiblemente dramáticos de familias sen solucións, os cidadáns vense abocados a procurar axudas ante os seus concellos.

Neste sentido teño entendido que este Concello ten previsto ou está na procura de acadar unha vivenda para ofrecer en acollida para abrigar familias desafiuzadas e sen solucións, coa finalidade de ofrecerlle acougo provisional mentres non se poidan realoxar.

Non debemos ignorar que este problema se suma ó de outras persoas que por algunha razón encóntranse desvalidas e sen medios para poder acudir a unha pensión e se ven obrigadas a durmir en calquera sitio á intemperie.

Polo anteriormente exposto **ROGO:**

Que as vivendas para aloxamento transitorio sexan ó menos dúas:

- Unha para as familias necesitadas.
- Outra para persoas desamparadas e sen recursos económicos ás que se lle podería dar aloxamento, así como poder prodigarlles algo de alimentación (mesmo un bocadillo). Neste caso poderíase concertar con *Cáritas* ou outra asociación benéfica, a cal podería asumir o seu mantemento e atención, xunto coa colaboración da Policía Local que serían os que controlarían a identidade e cualidade dos beneficiarios.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.- Varios veciños de Cercio laméntanse do estado en que se encontra o “Teleclub”, pois a consecuencia dun accidente, unha das paredes tivo que ser apuntalada e actualmente está inutilizable.

PREGUNTA:

¿Está prevista a súa restauración, pois ao parecer xa leva tempo nesta situación?.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

En todo caso **ROGO:**

Se lles propicie unha solución o antes posible e poidan seguir facendo uso do mesmo.

O Sr. Presidente quedou enterado.

Presentados de xeito oral durante a sesión:

D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez

1ª.- PREGUNTA.- ¿Hai algo que ocultar para que o Sr. Alcalde non presente a súa declaración de bens e dereitos por escrito dun xeito público?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2ª.- PREGUNTA.- ¿Vai presentar publicamente a súa declaración de IRPF?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

3ª.- PREGUNTA.- ¿Que data vai ser a de publicación da declaración de IRPF do Sr. Alcalde-Presidente?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que estaban a traballar unha moción conxunta na Deputación Provincial para que os deputados de todos os grupos por acordo o presenten dun xeito e nunha época determinada e non cando e como un queira. Esperaría a que haxa un acordo no organismo provincial.

4ª.-En relación con unhas obras de construción dunha beirarrúa que está levando a cabo un particular na zona do Montserrat (inicio da 2ª transversal que comunica coa PO-202 Lalín-O Carballiño) e que está reducindo a xa de por si pouca anchura do vial,

pregúntase:

4a) ¿Dispoñen de licenza municipal?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

4b) No caso de tela: ¿adáptanse ditas obras á licenza concedida?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

4c) No caso de non tela: ¿iniciouse ou vaise a iniciar o oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

5ª.- Nestes últimos días a prensa local está publicando noticias preocupantes sobre a actividade privada dun funcionario municipal, directamente relacionadas co seu traballo no concello; en relación con este tema, e independentemente doutras iniciativas sobre o mesmo, fórmulanse as seguintes preguntas:

5a) ¿Ten autorizada a compatibilidade para desenvolver a súa actividade privada o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

5b) ¿Hai algún outro funcionario municipal que teña concedida a autorización para exercer outra actividade pública ou privada?.

Respondeu D. Xosé Crespo Iglesias afirmando que estaba convocada unha Xunta de Voceiros para falar deste tema.

6ª.- Á vista da resolución definitiva dos contenciosos xudiciais sobre a construción do Parking Europa, fórmulase a seguinte pregunta:

6a)¿Houbo algún contacto ou reunión por parte do Grupo de Goberno coa empresa concesionaria para tratar da reapertura, da indemnización ou en xeral da situación actual do parking con vistas ó futuro?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

7ª.- En relación co Real Decreto-lei 6/2013, de 22 de marzo, denominado curiosamente “**de protección aos titulares de determinados produtos de aforro**”, polo que se prevén quitas enormes para os titulares de preferentes e subordinadas, este concelleiro, como o resto dos afectados e afectadas, enormemente ilusionado por perder o seu diñeiro pero pasar a ser propietario do banco, formula as seguintes preguntas:

7a)¿Está de acordo este Grupo de Goberno coa “solución” dada a este tema?

7b)¿Vai a adoptar algún tipo de medida para evitar esta estafa e roubo masivo, coma hoxe mesmo están facendo concellos coma o de Gondomar e outros celebrando plenos extraordinarios para debater o tema?.

Respondeu o Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias, afirmando que o tema das obrigas preferentes foi unha estafa pura e dura. Desde o comezo, o Concello puxo a disposición dos afectados a OMIC e con ela a unha técnica municipal que asesorou e tramitou as reclamacións dos afectados, non só de Lalín, senón doutros concellos da comarca, como por exemplo Rodeiro. O Concello non só se limitou a dicir que había 14 ou

15 consultas, senón que puxo os seus medios a disposición dos afectados.

E, sendo as doce horas e corenta e un minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente